

FÚTBOL 9/2020

En sesión plenaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva celebrada o 27 de abril de 2020, se ditou a presente resolución no expediente número 9/2020 seguido a instancia de D.XXXXX, Presidente do CLUB AAAAA, sobre a base dos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 29 de xaneiro de 2020, tivo entrada neste Comité escrito de recurso presentado por D. XXXXX, Presidente do CLUB AAAAA, contra a resolución ditada expediente nº 15-2019/2020 do Comité de Apelación da Real Federación Galega de Fútbol (en adiante FGF) de data 12 de decembro de 2019 que resolvía manter o contido íntegro do fallo ditado polo Comité de Competición e Disciplina, de data 4 de decembro de 2019, que decidira “*Apercibir ao Club AAAAA*”. O Comité de Apelación tamén sancionou ao Club AAAAA coa perda do depósito de 100 Euros consignado para poder recurrir.

II.- Mediante Providencia de data 7 de febreiro de 2020 acordouse admitir a trámite o recurso presentado polo CLUB AAAAA co número de expediente 9/2020 e dar traslado a FGF para que, por quen corresponda, emitira informe e remitira o expediente, o cal tivo entrada neste Comité en data 25 de febreiro de 2020. No mesmo, a Federación remítese ao contido íntegro dos fallos dos Comité de Competición e de Apelación.

III.- Por Providencia de data 5 de marzo de 2020, declarouse concluso o expediente e deuse traslado por termo de dez días as partes para que, á vista do obrante no mesmo, alegaran o que estimaran por conveniente, dereito do que fixo uso o recorrente mediante escrito de data 6 de marzo de 2020.

Nomeouse relator a XXXXXXXX

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

Por parte do *club recorrente* explícase, no seu “*Recurso de Alzada*”:

“Admisión a trámite ante el Comité Galego de Xustiza Deportiva de la Xunta de Galicia por la desestimación de fecha 12 de diciembre arriba indicado, en base a lo siguiente Acta partido fecha 30-11-2019, apartado 6 (incidencias) aportados 3 balones reglamentarios, como así indica el Reglamento de Competición, artículo 212, no hemos incumplido la norma.

Manifiestan que no fuimos diligentes en la recuperación de los balones. No es posible subir a la cubierta de la grada donde quedaron 2 de los balones por el riesgo que ello conlleva (Caída desde gran altura, de una parte 3 metros y de la otra unos 10 metros) y el tercero acababa de salir del recinto deportivo y esperábamos a recuperarlo o seguíamos con otro balón cosa que el árbitro admitió.

El terreno de juego es propiedad de la federación y no tienen el servicio para recuperar los balones en el momento de los partidos (El acceso está cerrado)”.

Achegan diversa documentación (Acta do partido, Resolución do Comité de Competición de data 4-12-2019, Recurso de data 5-12-2019, Correos electrónicos coa Federación onde manifiestan realizar o depósito de 100 €, Resolución do Comité Territorial de Apelación de data 12-12-2019, Comunicación de “Pérdida do depósito”).

SEGUNDO.- Como queira que **a FGF** remítase ao contido íntegro das resolucións dos Comités de Competición e de Apelación ditadas no presente expediente, haberá que estar ao que se argumenta nas mesmas que, de maneira sucinta, ven sendo o que reproducimos a continuación:

1.- O Comité de Competición inicialmente decidía: *“Apercibir al club AAAAA por disputarse una parte del partido con otro balón no siendo este el oficial de la competición, siendo obligatorio disponer el club locatario, y por su condición de organizador del partido, de 3 balones DISPUESTOS PARA EL JUEGO y controlados por el árbitro del partido”*

2.- Pola súa banda, o Comité de Apelación, que confirma e mantén o contido íntegro da resolución do Comité de Competición decidiu, ademais, impoñer a sanción ao Club AAAAA de *“Multa de 100 Euros”* en concepto de *“Pérdida del depósito por desestimación de recurso ante Comité de Apelación de la RFGF”* pois o Regulamento Disciplinario da FGF establece:

“Artículo 23 Costas procedimentales

Para la presentación de una reclamación en primera instancia será obligado el depósito de 50 € los cuales serán reintegrados en el caso de ser dicha reclamación estimada. En caso contrario, no procederá su devolución.

Para la presentación de un recurso ante el Comité de Apelación será obligado el depósito de 100 € los cuales serán reintegrados en el caso de ser el recurso estimado total o parcialmente. En caso contrario, no procederá su devolución.

La resolución, de forma motivada, podrá determinar, ante la naturaleza de los hechos objeto del expediente, la imposición de costas al perdedor o en su caso que cada parte asuma sus propios gastos independientemente que haya ganado o no, o incluso que sean a cargo de la propia RFGF.

El órgano disciplinario podrá exonerar al reclamante o recurrente de la pérdida del depósito en aquellos casos en los que aun siendo desestimadas sus pretensiones se considere que el asunto presentaba serias dudas de hecho o DERECHO”

TERCEIRO.- Lembraremos antes de nada que este Comité Galego de Xustiza Deportiva ten apuntado en moitas resolucións anteriores que o procedemento sancionador ven condicionado polo principio de intervención mínima, de maneira que a sanción debe impoñerse en aqueles casos en que sexa case inevitable facelo. E lembraremos tamén que calquera réxime sancionador manexa a **“Interpretación Restrictiva”** desas normas sancionadoras que, -trasladada ao asunto que nos ocupa e posta en relación cos feitos descritos e probados-, nos leva a tomala decisión de que o “Club AAAAA” non debe ser sancionado pois acreditou de forma sobrada que non fixo nada incorrecto.

Nos seus escritos, o recorrente rebate de forma moi convincente a argumentación federativa, contida nas resolucións de “Competición” e de “Apelación”, nas que os devanditos Comités manteñen que *“...non houbo a dilixencia precisa e, polo tanto, é correcto o apercibimento e a perda dos 100 Euros que consignaron para recorrer”*

Pero especialmente rebate o club -creemos que con moita razón- o parágrafo do Informe que a FGF remítenos a este Comité Galego de Xustiza Deportiva no que, xustificando a sanción en que hai que evitar a mala fe dos clubs locatarios, o asinante do Informe, XXXXXXXX da FGF, nos di:

<A mayor abundamiento, de no atender a lo requerido por el artículo 212 del Reglamento General de la RFGF de disponer de tres balones controlados por el colegiado del partido, se dejaría a criterio del club locatario la utilización del balón oficial, ya que, provocando la expulsión de los balones fuera de la instalación o la excusa de no tener personal para buscar o recoger el balón que se marcha fuera, se “abonaría” el supuesto para la utilización de balón a elección del local>

A mala fe non se presume, especialmente en materia de Dereito Sancionador. No caso que nos ocupa, non parece que o club provocara a expulsión dos balóns ou que esteamos ante excusas de ningún tipo tendentes a que tres minutos do partido se tiveran que xogar cun balón diferente. Por elo, temos que declarar que non consta acreditada esa mala fe que Federación quere evitar e debemos estimar solicitude do club de que sexa anulado o apercibimento e a sanción económica de 100 Euros que consignaron para presentar o Recurso ante o Comité federativo de Apelación.

O Club subliña -e é así- que na acta do partido recollese que ao inicio do mesmo había tres balóns regulamentarios. Tamén insisten en que eles non provocaron a expulsión dos balóns pois estos saen por lances do xogo e reiteran -con subliñado e negrilla- que non se excusan con “falta de persoal” por no ir a buscalos.

A mais abastanza, o club lembra -cun **demoledor** antecedente- que debe primar a seguridade e a prevención de riscos fronte a que un partido se xogue tres minutos cun balón non regulamentario. O fai da seguinte forma:

“Ya indicamos que los dos primeros balones quedaron en la cubierta del campo FEDERATIVO y no es posible subir a dicha cubierta, primero por no tener acceso a la misma y segundo por el riesgo que supone subir y caerse desde una altura considerable. Les recuerdo el accidente sufrido por el utillero del Arosa CF que se subió a la cubierta del campo propiedad del Ayuntamiento, ésta rompió y se produjo unas importantes lesiones que le llevaron a una invalidez y una reclamación judicial con sentencia a su favor y condenatoria al Arosa CF. La RFGF colaboró para conseguir ingresos mediante un partido amistoso con el fin de mitigar la sanción económica al club y como máximo representante a su presidente.”

A actuación levada a cabo polo club recorrente parece que cumpre cos requisitos necesarios para que se estime a pretensión que solicita pois a súa argumentación é convincente podendo apreciarse a existencia da eximente de forza maior, entendendo como tal concepto un feito de natureza previsible polo interesado pero inevitable. No presente suposto, o club fixo o que tiña que facer en canto a actuación previsible, dentro da súa dispoñibilidade, xa que tiña os tres balóns, utilizaba unha instalación de titularidade pública, neste caso federativa, sendo razoable pensar que tampouco habería un operario que puidera solucionar nese momento o problema de ter que subir á cuberta da grada a recoller os balóns. Ademais de que o partido estaba a piques de finalizar. Os datos, permiten concluir que non houbo unha actuación negligente imputable ao club e merecedora de sanción e, polo tanto, procede anular a sanción imposta.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

O Comité RESOLVE: estimar o recurso RN 9/20 interposto por D. XXXXXXXXX, Presidente do CLUB AAAAA fronte a Real Federación Galega de Fútbol, deixando sen efecto a resolución do Comité de Apelación nº expediente 15-19/20 de data 12 de decembro de 2019 que acordaba manter o contido íntegro do fallo ditado polo Comité de Competición o 4 de decembro de 2019, en canto a sanción de apercibimento e non devolución dos 100 Euros consignados para recorrer. Polo tanto, queda anulada a resolución especial de “*Apercibir al Club AAAAA*” e deberán serlle devoltos os **100 Euros** da sanción derivada do contido do artigo 23.2 do Regulamento da FGF

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou Recurso Contencioso Administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta.

D. XXXXXXXXX, Secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 27 de abril de 2020 se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 27 de abril de 2.020